

MEMORIA DO SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO E DE CONTRATACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DUN CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN PREDOUTORAIS DOS ESTUDANTES DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN *XESTIÓN SUSTENTABLE DA TERRA E DO TERRITORIO*.

Ref.: 20TX/mmo
Expt: 2017/NG21

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) ten como obxectivo principal prestar o servizo público de educación superior, realizando actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico. Dentro deste obxectivo, é misión da USC xestionar e coordinar as ensinanzas de doutoramento, así como os procesos que conduzan á obtención do título de doutor, e facelo cun modelo de formación doutoral flexible, interdisciplinar e de calidade, orientado a potenciar as liñas de investigación de maior interese e proxección da universidade.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) é o órgano central do sistema estatístico de Galicia, regulado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, na que se establece que a oferta de información debe ser un ben común accesible a todos, que contribúa ao coñecemento da realidade socio económica e que sirva de base para a toma de decisión públicas e privadas. No seu artigo 30 sinala que as universidades poderán establecer acordos co IGE para aproveitar os datos estatísticos e que ditos acordos terán por finalidade exclusiva a de favorecer a investigación científica. A Lei 15/2016, do 28 de xuño, do Plan galego de estatística 2017-2021 recolle expresamente como obxectivo instrumental do quinquenio que se realizará investigación estatística e se cooperará coa comunidade científica e outras institucións.

A sinatura deste convenio contribúe ao cumprimento dos obxectivos dambas institucións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, en base ao establecido no artigo 18.2.c) do Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística, asume o impulso e tramitación administrativa do expediente.

- Deberá solicitarse á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda que informe previamente o proxecto de convenio entre o IGE e a USC para a realización de estadías de investigación predoutorais dos estudantes do programa de doutoramento en *Xestión sustentable da terra e do territorio*.

- Ao tratarse dun convenio sen achegas ou obrigas económicas non se considera necesaria a súa fiscalización polas Intervencións xeral ou delegada.

- Pola mesma circunstancia anterior, de non ter orzamento económico, non é necesario aplicar o establecido ao abeiro da Instrución segunda do Acordo do 29 de xuño de 2000 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se



ditan instrucións para coordinar as achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia ás universidades galegas, relativo á solicitude do informe á Dirección Xeral de Universidades.

- Que será de aplicación o establecido tamén no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.
- Que a normativa vixente de convenios é a estatuída na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2017.
A xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación

Mónica Martínez Otero

Visto e prace,
A secretaria xeral
Rosa E. Fernández González

